

ECONOMÍA DA EMPRESA

Instrucións: O alumno debe elixir UNHA das dúas opcións e responder a todas as preguntas da opción elixida

OPCIÓN A

1. Responda brevemente as seguintes catro preguntas (1 punto cada pregunta)

- 1.1.- Explica brevemente dúas das características principais dunha Sociedade de Responsabilidade Limitada.
- 1.2.- Explica brevemente unha vantaxe e un inconveniente das PEME.
- 1.3.- Que se entende por segmentación de mercados? Pon un exemplo de variable que se pode utilizar para levala a cabo.
- 1.4.- Que se entende por estrutura organizativa lineal ou xerárquica? Ilustra a túa resposta cun exemplo.

2. Responda as dúas seguintes cuestións (0, 5 puntos cada cuestión)

- 2.1.- Menciona dúas fontes de financiamento externo a longo prazo da empresa.
- 2.2.- Menciona un método dinámico de selección de investimentos.

3. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

A empresa BIKE S.A, dedicada á fabricación de bicicletas, fabricou e vendeu durante o pasado ano 200.000 bicicletas. Os seus ingresos totais obtidos pola venda das bicicletas para ese período ascenderon a 42.000.000 euros. Os custos fixos do exercicio foron de 6.300.000 euros e os custos variables totais de 28.000.000 euros. Supoñendo que todas as unidades se venderon ao mesmo prezo, pídese:

- 3.1.- Determinar o punto morto ou limiar de rendibilidade da empresa. (1 pto.)
- 3.2.- Representar graficamente a solución do apartado anterior. (1 pto.)
- 3.3.- Comentar o significado dos resultados obtidos (0,5 pts.)

4. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

Partindo da seguinte información que figura nos balances finais de dúas empresas (valores en euros):

	Empresa Noroeste	Empresa Sueste
Existencias	40.000	20.000
Débedas a curto prazo	50.000	80.000
Inmovilizado material	500.000	700.000
Clientes	50.000	10.000
Débedas a longo prazo	200.000	350.000
Efectivo en caixa	30.000	10.000
Investimentos financeiros a longo prazo	2.000	4.000

Pídese:

- 4.1.- Calcular o valor dos fondos propios ordenando adecuadamente o balance das dúas empresas. (1 pto.)
- 4.2.- Calcular o fondo de manobra de ambas as empresas. (1 pto.)
- 4.3.- Cal das dúas empresas ten unha mellor situación financeira? Razona a resposta (0,5 pts.)



ECONOMÍA DA EMPRESA

Instrucións: O alumno debe elixir UNHA das dúas opcións e responder a todas as preguntas da opción elixida

OPCIÓN B

1. Responda brevemente as seguintes catro preguntas (1 punto cada pregunta)

- 1.1.- Que se entende por responsabilidade social e ambiental da empresa? Ilustra a resposta cun exemplo.
- 1.2.- Explica como se calcula a rendibilidade financeira dunha empresa. Ilustra a resposta cun exemplo.
- 1.3.- No marco da mercadotecnia mix, explica brevemente unha das estratexias de promoción do produto.
- 1.4.- De que depende a motivación das persoas segundo a teoría da xerarquía das necesidades de Maslow ?

2. Responda as dúas seguintes cuestións (0,5 puntos cada cuestión)

- 2.1.- Menciona un dos factores que determinan a localización espacial de actividades industriais.
- 2.2. Que nome recibe a estratexia de crecemento interno baseada no desenvolvemento de novos produtos?

3. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

Unha empresa comercial de subministracións eléctricas dispón de 100 unidades de existencias iniciais dun dos seus produtos valoradas en total en 2.000 €. Durante o mes de xaneiro realiza as seguintes operacións: o día 5 compra 150 unidades a 25 €, o día 7 vende 200 unidades, o día 18 compra 300 unidades a 28 € e o día 29 vende 250 unidades. Pídese:

- 3.1.- Confeccionar a ficha de almacén no mes de xaneiro utilizando o método FIFO. (1 pto.)
- 3.2.- Confeccionar a ficha de almacén segundo o método do Prezo Medio Ponderado. (1 pto.)
- 3.3.- Comentar brevemente os resultados obtidos nos apartados anteriores. (0,5 ptos.)

4. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

Unha empresa analiza dous proxectos de investimento dos que dispón da seguinte información (valores en euros):

Proxecto	Desembolso inicial	Pagos ano 1	Cobros ano 1	Pagos ano 2	Cobros ano 2	Pagos ano 3	Cobros ano 3
A	20.000	3.000	13.000	10.000	25.000	2.000	0
B	80.000	5.000	30.500	10.000	14.500	0	90.000

Pídese:

- 4.1.- Calcular o Pay-back ou prazo de recuperación de ambos os proxectos explicando cal sería preferible segundo este criterio. (1 pto.)
- 4.2.- Calcular o Valor Actual Neto (VAN) dos dous proxectos supoñendo unha taxa de actualización do 10%. (1 pto.)
- 4.3.- Cal dos dous proxectos sería preferible segundo o criterio do VAN? Que criterio sería preferible? (0,5 ptos.)



ECONOMÍA DA EMPRESA

Instrucións: O alumno debe elixir UNHA das dúas opcións e responder a todas as preguntas da opción escollida

OPCIÓN A

1. Responda brevemente as seguintes catro preguntas (1 punto cada pregunta)

- 1.1.- Diferenza entre financiamento interno e financiamento externo. Pon un exemplo de cada tipo.
- 1.2.- Describe brevemente un dos factores que explican o desenvolvemento das empresas multinacionais.
- 1.3.- Menciona un tipo de estrutura básica de organización e explica brevemente as súas características.
- 1.4.- Define o concepto de segmentación de mercados e sinala cal é o seu principal obxectivo.

2. Responda as seguintes dúas cuestións (0,5 puntos cada cuestión)

- 2.1.- Como se denominan as empresas cuxo capital e control pertence ao estado, comunidades autónomas ou concellos?
- 2.2.- Como se denomina o tipo de responsabilidade patrimonial que asume o empresario individual?

3. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

Un empresario ten a intención de iniciar a comercialización dun novo produto. Estima que para produci-lo, incorrería nuns custos fixos de 45.000 euros e nun custo variable por unidade de produto de 30 euros. Segundo os estudos de mercado que realizou, estima que pode vender cada unidade de produto a 55 euros. Pídese:

- 3.1.- Calcular o volume de produción para o que se alcanzaría o punto morto e interpretar o resultado. (1 pto.)
- 3.2.- Representar graficamente a situación anterior. (1 pto.)
- 3.3.- Se vendese 1.500 unidades, a que prezo debería venderse cada unidade para alcanzar o punto morto co devandito nivel de produción? (0,5 pts.)

4. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

Os datos sobre ingresos e gastos dunha sociedade anónima correspondentes ao último exercicio económico son os seguintes (en euros):

Dividendos percibidos: 2.000	Vendas: 120.000
Compras de materias primas: 30.000	Soldos e salarios: 60.000
Amortización do inmovilizado: 10.000	Intereses pagos por desconto de efectos: 4.000
Intereses de débedas: 6.000	Rendementos de activos de renda fixa: 1.000

Pídese:

- 4.1.- Calcular os resultados de explotación e explicar brevemente o significado deste tipo de resultados. (1 pto.)
- 4.2.- Determinar os resultados financeiros e explicar brevemente o significado deste tipo resultados. (1 pto.)
- 4.3.- Calcular os resultados do exercicio despois de impostos (supón que o tipo impositivo do Imposto sobre Sociedades é do 25 %). (0,5 pts)

ECONOMÍA DA EMPRESA

Instrucións: O alumno debe elixir UNHA das dúas opcións e responder a todas as preguntas da opción escollida

OPCIÓN B

1. Responda brevemente as seguintes catro preguntas (1 punto cada pregunta)

- 1.1.- Explica brevemente dúas diferenzas entre unha sociedade anónima e unha cooperativa.
- 1.2.- Que se entende por crecemento externo da empresa? Pon un exemplo.
- 1.3.- Que se entende por I+D+i? Explica brevemente a importancia para a empresa.
- 1.4.- No ciclo de vida dun produto comenta brevemente algunha das diferenzas entre a etapa de crecemento e a etapa de madurez.

2. Responda as seguintes dúas cuestións (0,5 puntos cada cuestión)

- 2.1.- Como se denomina o conxunto de relacións que xorden de maneira espontánea entre os individuos dunha organización?
- 2.2.- Enumera as principais áreas de actividade da empresa.

3. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

O patrimonio dunha empresa está formado polos seguintes elementos (valores en euros):

Débedas a longo prazo con bancos: 199.500	Reservas voluntarias: 56.000
Cientes: 425.000	Bancos cc: 158.900
Provedores: 973.100	Elementos de transporte: 72.000
Caixa, euros: 158.730	Propiedade industrial (patentes): 590.000
Construcións: 897.000	Débedas a curto prazo con bancos: 910.700
Mobiliario: 19.700	Cientes, efectos comerciais a cobrar: 36.500
Resultados do exercicio: 45.530	Existencias: 826.000

Partindo desta información, pídesese:

- 3.1.- Elaborar o balance agrupado por masas patrimoniais e determinar o valor do capital social. (1 pto.)
- 3.2.- Calcular o fondo de manobra e interpretar o resultado. (1 pto.)
- 3.3.- Calcular a ratio (Pasivo non corrente + Pasivo corrente)/Recursos propios. Indica o que mide e comenta o resultado. (0,5 ptos.)

4. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

Unha empresa debe decidir entre dous proxectos de investimento de catro anos de duración. Ambos os proxectos requiren un desembolso inicial de 5.000 euros e xeran os seguintes fluxos de caixa anuais (en euros):

PROXECTO	Primeiro ano	Segundo ano	Terceiro ano	Cuarto ano
A	2.000	1.000	2.000	8.000
B	3.000	0	2.600	5.500

Pídesese:

- 4.1.- Determinar que proxecto é preferible de acordo co criterio do prazo de recuperación ou pay-back. (1 pto.)
- 4.2.- Sabendo que o custo de capital é do 7%, determinar que proxecto é preferible segundo o criterio do Valor Actual Neto. (1 pto.)
- 4.3.- Cal dos dous criterios anteriores consideras máis adecuado? Xustifica a resposta (0,5 ptos.)

ABAU
CONVOCATORIA DE XUÑO
Ano 2018
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
ECONOMÍA DA EMPRESA
(Cód. 31)

Reunida a comisión de avaliación da materia Economía da Empresa o día 16 de xuño de 2018 ás 12:00 horas, acordou aplicar, ademais dos criterios xerais de avaliación publicados polo grupo de traballo da materia e que aparecen recollidos na correspondente páxina web, os seguintes criterios de corrección específicos:

Nas preguntas curtas (cunha puntuación máxima de 1 p.), nos casos nos que non se ofrezan definicións exactas e precisas dos conceptos, valoraranse positivamente os exemplos, aclaracións ou explicacións relativas a aqueles.

No relativo aos casos prácticos, na valoración de cada un dos apartados nos que se pida efectuar un cálculo, terase en conta non só o resultado numérico concreto, senón tamén a corrección (coherencia) na formulación. Ademais, cada un dos apartados valorarase independentemente, de tal xeito que se está ben formulado, a puntuación do apartado en cuestión non se verá influída negativamente por cálculos incorrectos que se arrastren de apartados anteriores.

Na desagregación da puntuación máxima que se pode acadar en cada unha das preguntas teranse en conta as consideracións e aplicaranse os criterios específicos que se resumen a continuación.

OPCIÓN A

- 1.1.- Por cada característica explicada: 0,5 ptos.
- 1.2.- Por cada vantaxe e inconveniente explicado: 0,5 ptos.
- 1.3.- Concepto de segmentación de mercados: 0,5 ptos. Exemplo de variable: 0,5 ptos.
- 1.4.- Concepto: 0,5 ptos. Exemplo: 0,5 ptos.

- 2.1.- Por cada fonte mencionada: 0,25 ptos.
- 2.2.- Esta pregunta non admite cualificacións intermedias.

- 3.1. Se se formula correctamente a fórmula do punto morto identificando as variables que a integran pero non se calcula correctamente o valor: 0,5 ptos.
- 3.2. Representación gráfica: 1 pto. (requírese identificar as función e os valores relevantes). Por cada un destes aspectos que non se identifique correctamente descontaranse 0,25 ptos.
- 3.3. Resposta con razoamento coherente: 0,5 ptos.

- 4.1. Elaboración e clasificación do balance distinguindo Activo non corrente, Activo corrente, Pasivo corrente, Pasivo non corrente e Fondos propios: 0,75 ptos. *Cada un dos elementos que se sitúe incorrectamente no activo ou no pasivo penalízase con -0,5 ptos. Se se sitúa erroneamente*

no activo (pasivo) corrente ou pasivo (activo) non corrente penalízase con -0,25 pts. Cálculo do valor dos fondos propios: 0,25 pts.

4.2. Polo cálculo correcto do fondo de manobra de cada unha das empresas: 0,5 pts.

4.3. Razoamento coherente cos resultados do apartado anterior: 0,5 pts.

OPCIÓN B

1.1.- Concepto de responsabilidade social e medioambiental: 0,5 pts. Exemplo: 0,5 pts.

1.2.- Explicación correcta: 0,5 pts. Exemplo: 0,5 pts.

1.3.- Se só se menciona a extratexia sen explicala: 0,5 pts.

1.4.- Se só se menciona o factor de motivación sen explicalo: 0,5 pts.

2.1.- Esta pregunta non admite cualificacións intermedias.

2.2.- Esta pregunta non admite cualificacións intermedias.

3.

3.1. Este apartado non admite cualificacións intermedias, salvo as resultantes de aplicar as correspondentes penalizacións por erros de cálculo.

3.2. Formulación correcta da expresión que permite aplicar o método do precio medio ponderado: 0,5 pts. Aplicación correcta do método (0,5 pts.).

3.3. Darase por válida a explicación razoable das diferenzas entre os valores obtidos nos apartados anteriores ou o comentario das distintas implicacións que se derivan de aplicar cada un dos métodos.

4.

4.1. Polo cálculo correcto de cada prazo de recuperación: 0,5 pts. Se non se especifica expresamente o proxecto que sería preferible, penalízase con -0,25 pts.

4.2.- Formulación correcta da expresión que permite calcular o VAN tendo en conta os datos do exercicio: 0,5 pts. Cálculo correcto do valor concreto do VAN: 0,5 pts.

4.3.- Pola resposta correcta a cada unha das dúas preguntas: 0,25 pts.

ABAU
CONVOCATORIA DE SETEMBRO
Ano 2018
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
ECONOMÍA DA EMPRESA
(Cód. 31)

Reunida a comisión de avaliación da materia Economía da Empresa o día 15 de setembro de 2018 ás 11:00 horas, acordou aplicar, ademais dos criterios xerais de avaliación publicados polo grupo de traballo da materia e que aparecen recollidos na correspondente páxina web, os seguintes criterios de corrección específicos:

Nas preguntas curtas (cunha puntuación máxima de 1 pt.), nos casos nos que non se ofrezan definicións exactas e precisas dos conceptos valoraranse positivamente os exemplos, aclaracións ou explicacións relativas a aqueles.

No relativo aos casos prácticos, na valoración de cada un dos apartados nos que se pida efectuar un cálculo, terase en conta non só o resultado numérico concreto, senón tamén a corrección (coherencia) na formulación. Ademais, cada un dos apartados valorarase independentemente, de tal xeito que se está ben formulado, a puntuación do apartado en cuestión non se verá influída negativamente por cálculos incorrectos que se arrastren de apartados anteriores.

Na desagregación da puntuación máxima que se pode acadar en cada unha das preguntas teranse en conta as consideracións e aplicaranse os criterios específicos que se resumen a continuación:

OPCIÓN A

1.1.- Por cada definición correcta: 0,25 pt. Por cada exemplo: 0,25 pt.

1.2.- Pola identificación dun factor: 0,5 pt. Pola explicación de como inflúe no desenvolvemento dunha multinacional: 0,5 pt.

1.3.- Mención dun tipo de estrutura: 0,5 pt. Explicación das características: 0,5 pt.

1.4.- Concepto: 0,75 pt. Obxectivo: 0,25 pt.

2.1.- A resposta a esta pregunta non admite cualificacións intermedias.

2.2.- A resposta a esta pregunta non admite cualificacións intermedias.

3.1. Cálculo numérico do punto morto: 0,5 pt. Interpretación do resultado: 0,5 pt.

3.2. Representación gráfica: 1 pt. (Requírese identificar a función e os valores relevantes). Por cada un destes aspectos que non se identifique correctamente descontaranse 0,25 pt.).

3.3. Se se formula correctamente a expresión a partir da cal se deriva o prezo: 0,25 pt. Cálculo correcto do valor numérico do prezo: 0,25 pt.

4.1. Cálculo dos resultados de explotación: 0,75 pt. Explicación do significado: 0,25 pt. Por cada gasto que se contabilice como ingreso ou viceversa, aplícase unha penalización de 0,5 pt.

4.2. Cálculo do valor dos resultados financeiros: 0,75 pt. Explicación do significado: 0,25 pt. Por cada ingreso (gasto) financeiro contabilizado como ingreso (gasto) de explotación ou viceversa aplícase unha penalización de 0,25 pt.

4.3. A resposta a este apartado non admite cualificacións intermedias, agás penalizacións de 0,25 pt. por erro de cálculo.

OPCIÓN B

1.1.- Por cada diferenza explicada: 0,5 pt.

1.2.- Concepto: 0,5 pt. Exemplo: 0,5 pt.

1.3.- Concepto: 0,5 pt. Explicación dunha das razón da importancia: 0,5 pt.

1.4.- Mención dunha das diferenzas: 0,5 pt. Breve explicación: 0,5 pt.

2.1.- A resposta a esta pregunta non admite cualificacións intermedias.

2.2.- Pola enumeración de tres áreas de actividade: 0,25 pt.

3.

3.1. Elaboración e clasificación do balance distinguindo Activo non corrente, Activo corrente, Pasivo corrente, Pasivo non corrente e Fondos propios: 0,75 pt. *Cada un dos elementos que se sitúe incorrectamente no activo ou no pasivo penalízase con -0,5 pt. Se se sitúa erroneamente no activo (pasivo) corrente ou pasivo (activo) non corrente penalízase con -0,25 pt.* Cálculo do valor do capital social: 0,25 pt.

3.2. Polo cálculo correcto do fondo de manobra: 0,5 pt. Interpretación do resultado: 0, 5 pt.

3.3. Cálculo do valor numérico da ratio: 0,25 pt. Interpretación do resultado: 0,25 pt.

4.

4.1. Polo cálculo correcto de cada prazo de recuperación de cada proxecto: 0,5 pt. (A non identificación do proxecto preferible penalízase con 0,25 pt.)

4.2.- Formulación correcta da expresión que permite calcular o VAN tendo en conta os datos do exercicio: 0,5 pt. Cálculo correcto do valor concreto do VAN: 0,5 pt. (A non identificación do proxecto preferible penalízase con 0,25 pt.)

4.3.- Identificación do criterio máis adecuado: 0,25 pt. Xustificación: 0,25 pt.

OPCIÓN A

3.1.-


Prezo (P) = 42.000.000 / 200.000 = 210 €

Custo Variable Medio (CVM_e) = 28.000.000 / 200.000 = 140 €

Punto morto (Q_{pm}):

$$Q_{pm} = \frac{CF}{(P - CVM_e)} = \frac{6.300.000}{(210 - 140)} = 90.000 \text{ bicicletas}$$

3.2.



4.1.

Empresa Noroeste

ACTIVO		PASIVO+PATRIMONIO NETO	
ACTIVO NO CORRIENTE	502.000	PATRIMONIO NETO	372.000
Inmovilizado material	500.000	Capital	372.000
Inversiones financieras a l/p	2.000		
		PASIVO NO CORRIENTE	200.000
		Deuda a l/p	200.000
ACTIVO CORRIENTE	120.000		
Existencias	40.000	PASIVO CORRIENTE	50.000
Caja	30.000	Deudas a c/p	50.000
Clientes	50.000		
TOTAL ACTIVO	622.000	TOTAL PASIVO	622.000

Empresa Sureste

ACTIVO		PASIVO+PATRIMONIO NETO	
ACTIVO NO CORRIENTE	704.000	PATRIMONIO NETO	314.000
Inmovilizado material	700.000	Capital	314.000
Inversiones financieras a l/p	4.000		
		PASIVO NO CORRIENTE	350.000
		Deuda a l/p	350.000
ACTIVO CORRIENTE	40.000		
Existencias	20.000	PASIVO CORRIENTE	80.000
Caja	10.000	Deudas a c/p	80.000
Clientes	10.000		
TOTAL ACTIVO	744.000	TOTAL PASIVO	744.000

4.2.

Fondo de Manobra empresa Noroeste: $120.000 - 50.000 = 70.000 \text{ €}$

Fondo de Manobra empresa Noreste: $40.000 - 80.000 = -40.000 \text{ €}$

4.3.

A empresa que ten peor situación financeira é a empresa Sureste porque co seu activo corrente non pode facer fronte ás súas débedas a curto prazo, amosando una unha situación de desequilibrio financeiro a curto prazo. A empresa Noroeste está en mellor situación financeira que se pode calificar de estabilidade financeira e non presenta en principio problemas de liquidez.

OPCIÓN B

3.1.- Método FIFO

Data /Operación	Entradas			Saídas			Existencias		
	Unidades	Prezo	Total	Unidades	Prezo	Total	Unidades	Prezo	Total
Existencias	100	20	2.000				100	20	2.000
5/1: Compra	150	25	3.750				100 150	20 25	5.750
7/1: Venda				100	20				
				100	25				
							50	25	1.250
18/1: Compra	300	28	8.400				50 300	25 28	9.650
29/1: Venda				50	25	1.250			
				200	28	5.600			
							100	28	2.800 €

3.2.- Método Prezo medio ponderado

	Entradas			Saídas			Existencias		
	Unidades	Prezo	Total	Unidades	Prezo	Total	Unidades	Prezo	Total
Existencias	100	20	2.000				100	20	2.000
5/1: Compra	150	25	3.750				250	23	5.750
$\text{PMP} = \frac{(100 \cdot 20) + (150 \cdot 25)}{250} = 23$									
7/1: Venda				200	23	4.600	50	23	1.150
18/1: Compra	300	28	8.400				350	27,3	9.550
$\text{PMP} = \frac{(300 \cdot 28) + (50 \cdot 23)}{350} = 27,3$									
29/1: Venda				250	27,3	6.821	100	27,3	2.729 €

3.3.

O valor das existencias é máis elevado se se aplica o método FIFO porque segundo este método (First In First Out), as existencias finais quedan valoradas as prezos máis recentes, que neste caso son os máis altos.

4.

4.1.-

Proxecto A: pay-back: 1 ano e 8 meses

Proxecto B: pay-back: 2 anos, 6 meses e 20 días.

4.2.

Proxecto A

$$VAN = -20.000 + \frac{(13.000 - 3.000)}{(1 + 0,1)} + \frac{(25.000 - 10.000)}{(1 + 0,1)^2} + \frac{(0 - 2.000)}{(1 + 0,1)^3} = -15€$$

Proxecto B

$$VAN = -80.000 + \frac{(30.500 - 5.000)}{(1 + 0,1)} + \frac{(14.500 - 10.000)}{(1 + 0,1)^2} + \frac{(90.000 - 0)}{(1 + 0,1)^3} = 14.519,16€$$

4.3.

Segundo o VAN sería preferible o proxecto B porque se recupera o investimento inicial e ademáis obtense unha ganancia, mentras que no caso do proxecto A non se recupera nin o investimento inicial.

A diferenca fundamental entre os dous criterios é que no Pay-back no se ten en conta a cronoloxía dos fluxos netos de caixa mentras que no VAN sí se ten en conta, polo que sería preferible este último.


OPCIÓN A

3.1.-

$$Q_{pm} = \frac{CF}{P - CV_u} \quad Q_{pm} = \frac{45.000}{55 - 30} = 1.800 \text{ unidades}$$

No limiar de rendibilidade ou punto morto, a empresa non obtén beneficios, é dicir, Ingresos totais = Custos totais. A partir de 1.800 unidades de produto vendidas a empresa obterá beneficios e por debaixo deste número terá perdas

3.2.



$$3.3. P = \frac{CF + CVM_e \cdot Q}{Q} = \frac{45.000 + (30 \cdot 1500)}{1500} = 60\text{€}$$

PERDAS E GANANCIAS	
Importe neto da cifra de negocios	
Vendas	120.000
Aprovisionamientos	
Compras	- 30.000
Gastos de personal	
Soldos e Salarios	- 60.000
Amortización del inmovilizado	
Amortizacions	- 10.000
Resultado de explotación	20.000
Ingrsos financeiros	
Dividendos percibidos	2.000
Rendimentos de activos de renda fixa	1.000
Gastos financeiros	
Intereses de débedas	-6.000
Intereses pagados por desconto de efectos	-4.000
Resultado financeiro	- 7.000
Resultado antes de impuestos	13.000
Imposto sobre sociedades (25 %)	-3.250
Resultado neto	9.750

3.1.-

Resultado de explotación= Ingresos de explotación - gastos de explotación = 120.000 – 100.000 = 20.000 €

Os resultados de explotación amosa os beneficios ou perdas experimentados por una empresa como consecuencia do desenvolvemento da actividade propia da mesma

3.2.

Resultado financeiro = Ingresos financeiros - gastos financeiros = 3.000 - 10.000 = -7.000 €

O resultado financiero é o que se obtén por diferencia ente os ingresos e gastos de carácter financiero.

3.3. Resultados despois de impostos = resultados antes de impostos – imposto sobre os beneficios = 13.000 - 3.250 = 9750 €

OPCIÓN B

3.1.

ACTIVO		PASIVO + NETO PATRIMONIAL	
Activo non Corrente	1.578.700	Fondos propios	1.100.530
Propiedade industrial (patentes)	590.000	Capital social	999.000
Construcións	897.000	Reservas voluntarias	56.000
Mobiliario	19.700	Resultado do exercicio	45.530
Elementos de transporte	72.000	Pasivo non corrente	199.500
		Débedas a longo prazo	199.500
Activo Corrente	1.605.130	Pasivo Corrente	1.883.800
Existencias	826.000	Deudas a curto prazo	910.700
Clientes	425.000	Provedores	973.100
Clientes, efectos comerciais a cobrar	36.500		
Bancos, c/c	158.900		
Caixa, euros	158.730		
Activo total	3.183.830	Pasivo + neto patrimonial	3.183.830

3.2.

Fondo de Manobra = activo corrente – pasivo corrente= 1.605.130 -1.883.800 = -278.670 euros

A empresa atópase nunha situación patrimonial de desequilibrio financeiro a curto prazo. A empresa ten un activo corrente inferior ao seu pasivo corrente. Isto significa que esta financiando activo non corrente con recursos a curto prazo. Pode chegar a ter problemas para facer fronte ás súas débedas a curto prazo. Esta situación de inestabilidade financeira pode levar á empresa a unha situación de concurso de acreedores (anterior suspensión de pagamentos).

3.3

$$\frac{\text{Pasivo non corrente} + \text{pasivo corrente}}{\text{Re cursos propios}} = \frac{2.083.300}{1.100.530} = 1,89$$

Esta ratio mide o grado de endebedamento. Neste caso, a empresa presenta un problema de exceso de deuda. Estes excesos de débeda conlevan unha perda de autonomía financeira (a financiación da empresa depende en exceso da financiación allea)

4.1.

Prazo de recuperación proxecto A: 3 anos

Prazo de recuperación proxecto B: 2 anos, 9 meses e 7 días

4.2.

$$VAN(A) = -5.000 + \frac{2.000}{(1+0,07)} + \frac{1.000}{(1+0,07)^2} + \frac{2000}{(1+0,07)^3} + \frac{8.000}{(1+0,07)^4} = 5.478,36€$$

$$VAN(B) = -5.000 + \frac{3.000}{(1+0,07)} + \frac{2600}{(1+0,07)^3} + \frac{5.500}{(1+0,07)^4} = 4.122€$$

4.3. A diferencia fundamental entre os dous criterios é que no Pay-back no se ten en conta a cronoloxía dos Fluxos Netos de Caixa mentras que no VAN sí se ten en conta, polo que sería preferible este último.